



Queridas familias:

Recentemente *a/o vosa/o filla/o* visitou a biblioteca municipal Os Rosales e aproveitamos esta ocasión para enviarnos un saúdo e contarvos algunhas cousas que agardamos sexan do voso interese.

Nas Bibliotecas Municipais da Coruña coñecemos a importancia da lectura na formación das/os nenas/os, por ese motivo organizamos *actividades* para despertar nelas/es a afección polos libros e a lectura dende os primeiros anos. O facemos, entre outros, a través do programa de *Visitas Escolares*, no que os grupos visitan a biblioteca, coñecen os seus espazos e servizos e levan lotes de libros en préstamo para a aula, grazas ao traballo conxunto entre profesorado e persoal bibliotecario. Estas visitas son sempre unha grande aventura, así que animámosvos a compartila en familia.

Nesta ocasión tratamos o maravilloso mundo da *banda deseñada*. Falamos de viñetas, bocadillos, onomatopeias e de todos os elementos que compoñen a linguaxe do cómic. Foi unha experiencia fantástica, pedídelles que vola conten!

Ademais das visitas, organizamos moitas actividades para estas idades nas nosas bibliotecas, como clubs de lectura, obradoiros, encontros en familia, etc. Tedes toda a información na nosa web www.coruna.gal/bibliotecas.

Nas BMC atoparedes libros para todas as idades, tanto contos e historias inventadas, como libros para aprender sobre moitos temas. Co voso carné de socia/o podedes acceder de balde ao servizo de préstamo de libros, cómics, películas, música, revistas, etc. e tamén a xogos, consolas, ordenadores e internet.

Agardamos a vosa visita. Ata moi pronto!

Atentamente: o persoal da biblioteca

